  Reclamacións laboráis: 111.098,68€

  Reclamacións de intereses de expropiación: 78.851,66€

  No ano 2019 dotáronse por reclamacións xudiciais, 341.796,06 euros.

  Provisiones para gastos de personal, 1.807,49 euros, para terminación de obras de parques de Coruña, 1.369.291,27 euros y para terminación de parques de Lugo, 486.010,86 euros. Outras provisións comerciais por 28.926,34 euros.

- A Sociedade considera que para as provisións dotadas nos casos de litixios cun terceiro, debe omitir a información esixida nas normas de elaboración da memoria para non prexudicar a posición da empresa nin a terceiros.

- O importe total das provisións dotadas no ano 2018 ascendía a 3.172.667,18 euros, 1.341.639,08 euros a longo prazo e 1.831.028,10 euros a curto prazo. No ano 2019 son 3.200.788,91 euros, 1.314.752,95 euros a longo prazo e 1.886.035,96 euros a curto prazo.

15. Información sobre medio ambiente

- Dada a actividade á que se adica a sociedade, a mesma non ten responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e continxencias de natureza ambiental que puidesen ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma.

ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POR XESTUR EN MATERIA MEDIOAMBIENTAL:

As actuacións en materia de medioambiente levadas a cabo por Xestión do Solo de Galicia – XESTUR S.A., enmárcanse en dous ámbitos diferenciados, por un lado na execución de obras, e por outro, na redacción de plans e proxectos. Ambas están relacionadas, xa que nos plans e proxectos defínense as medidas a adoptar na execución das obras proxectadas, cuia aplicación é responsabilidade da empresa adxudicataria da execución de ditas obras, velando XESTUR porque se fagan de xeito correcto.

Estas actuacións son:

A execución de obras, XESTUR leva a cabo as seguintes actuacións:

1.- Contratación da vixiancia ambiental de obras en curso no P.E. de Morás (Arteixo)

o Finalización da urbanización interior fase A: 12.998€ + IVA

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

- Conexións exteriores da fase A: 12.000€ + IVA
- Explanación parcelas fase A: 3.000€+ IVA

2.- Para a realización dos controis e ensaios necesarios para dita vixiancia ambiental, os proxectos redactados por XESTUR incluían un Programa de Vixiancia Ambiental que cuantifica a partida económica correspondente a ditos traballos:

- Finalización da urbanización interior fase A: 20.774,73€
- Conexións exteriores da fase A: 14.796,41€

3.- A maiores, os proxectos tamén contemplan partidas presupostarias para o cumplimento da Declaración de Impacto Ambiental e para a xestión de residuos:

3.A.- Cumplimento da DIA:

- Finalización da urbanización interior fase A: 41.044,86€

3.B.- Xestión de residuos:

- Finalización da urbanización interior fase A: 41.248,93€
- Conexións exteriores da fase A: 82.799,08€
- Explanación parcelas fase A: 6.540,80€

En canto á redacción de plans e proxectos, XESTUR leva a cabo os traballos de elaboración dos documentos necesarios para a súa tramitación Ambiental, a través de medios propios de XESTUR ou de asistencias técnicas. Realizáronse os documentos necesarios para os seguintes traballos:

- Modificación puntual nº3 do proxecto sectorial del P.E. de As Gándaras
- Modificación do proxecto sectorial do parque de actividades económicas de Arteixo
- Plan especial de ampliación do P.E. de Castro
- Proxecto construtivo da conexión exterior de saneamiento do parque de actividades económicas de Arteixo.

16. Retribucións a longo prazo ao persoal

- A Sociedade non otorga retribucións a longo prazo ao persoal.

17. Transaccións con pagos baseados en instrumentos de patrimonio

- Non existen.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

18. Subvencións, doazóns e legados

- O importe e características das subvencións, doazóns e legados recibidos que aparecen no balance, así como os imputados na conta de perdas e ganancias desagréganse no seguinte cadro:

Subvencións, donacións e legados recibidos	Exercicio 2019	Exercicio 2018
_ Que aparecen no patrimonio neto do balance		
_ Imputados na conta de perdas e ganancias (1)	285.475,15	268.224,08

(1) Incluídas las subvenciones de explotación incorporadas al resultado del ejercicio

- A análise do movemento do contido da subagrupación correspondente do balance, indicando o saldo inicial e final así como os aumentos e diminucións desagrégase no seguinte cadro:

Subvencións, donacións e legados recollidos no balance		
	Exercicio 2019	Exercicio 2018
SALDO AO INICIO DO EXERICICIO	1.443.955,11	1.638.664,46
(+) Recibidas no exercicio		
(+) Conversión de débedas a longo prazo en subvencións		
(-) Subvencións traspasadas a resultados do exercicio	- 285.475,16	- 259.612,51
(-) Importes devueltos		
(+/-) Outros movementos	220,74	64.903,16
SALDO AO FINAL DO EXERCICIO	1.158.700,69	1.443.955,11

19. Combinacións de negocios

- A Sociedade non mantén combinacións de negocios.

20. Negocios conxuntos

- A Sociedade ten unha participación do 100% na Xunta de Compensación do Polígono II de Haciadama, que resulta ser unha prolongación da propia Sociedade e da súa actividade como xestora da mesma, polo que a efectos de formular as Contas Anuais, optou pola consolidación, utilizando para iso o método de integración proporcional, polo que se integran nas contas anuais os activos, pasivos, gastos e ingresos e fluxos de efectivo da Xunta de Compensación en función da súa porcentaxe de participación, previa eliminación de partidas e operacións recíprocas.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Angel Rodriguez González

- As principais partidas integradas son unhas existencias duns locais en Narón cun valor de 592.886,42 euros, cunha provisión por deterioración de 406.722,00 euros. As perdas producidas xa están incorporadas nos resultados de Xestur en 2013.

21. Activos non correntes mantidos para a venda e operacións interrompidas

- A Sociedadenon ten activos non correntes mantidos para a venda.

22. Feitos posteriores ao peche

- O Consello da Xunta do 27 de novembro de 2014 aproba a axenda de Competitividade Industrial Galega (Galicia-Industria 4.0), entre cuxas medidas inclúe a bonificación do solo industrial.
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicita a Xestur, como ente instrumental da Xunta, que adopte os acordos necesarios para aprobar a bonificación do solo, e o 16 de decembro de 2014, a Xunta Xeral de Xestur aproba a convocatoria dun concurso público de venda de solo con bonificacións do 50% nos parques situados nas zonas Impulsa de Lugo e Ourense, Costa da Morte e Ferrol e zonas limítrofes con Portugal; 15% en Arteixo, Santiago (A Sionlla), Mos e Ponte Caldelas e 30% no resto de parques. Póñense á venda 2 millóns de metros cadrados con bonificacións, aínda que se limita a medida a 500.000 metros de venda ou 7,5 millóns de perdas, e cun ámbito temporal ata o 30 de novembro de 2015. Posteriormente amplíase a bonificación ao 30% dos parques ao 15%. Nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 convócase coas mesmas condicións ata o 30 de novembro de cada ano.
- O Consello de Administración do 5 de febrero de 2020 decide aprobar un novo concurso de venda de solo empresarial coas bonificacións establecidas no ano anterior debido ao importante incremento en vendas e tesourería obtido das anteriores promocións.

O COVID-19 —máis popularmente coñecido como coronavirus— converteuse a nivel mundial nunha emerxencia sanitaria afectando aos cidadáns, ás empresas e á economía en xeral, ata o punto de que a Organización Mundial da Saude (OMS) declarou unha pandemia tanto pola sua rápida expansión como por sus efectos. Recoñecido inicialmente en China —na localidade de Wuhan—, en decembro de 2019, á data de formulación destas contas anuais, segundo fontes da propia OMS, o coronavirus está expandido pola maioría dos territorios do mundo, sendo España un dos máis afectados. Tal situación de gravidade non só está a dañar a saude das persoas, os seus efectos sobre a economía e particularmente sobre as pymes e autónomos, todavía son difíciles de cuantificar, sendo a súa progresión aínda exponencial. A Comisión Europea (CE) con data 13 de marzo de 2020 xa estimaba una caída de 2,5 puntos porcentuales sobre o PIB da zona euro, e o FMI prevé unha caída da economía española dun 8% do seu PIB e una subida do paro ao 20,8%, o que pon de manifesto os efectos colaterais que terá na economía esta pandemia.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

Ante esta situación España, seguindo os precedentes de outros países europeos onde se rexistraron unhas tasas elevadas de afectados —como Italia—, levou a cabo medidas drásticas, coa intención de limitar a expansión do virus, así como outras medidas destinadas a amortiguar os seus efectos económicos. Entre estas medidas destacamos a entrada en vigor, o pasado 14 de marzo de 2020, do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma, levou aos cidadáns españois a un confinamento obrigatorio nos seus fogares que provocaron un descenso moi importante das ventas e da actividade por parte das empresas e dos seus beneficios. Outra das novedades que trae o Real Decreto mencionado, é a obligatoriedade de que certos locais e establecementos comerciais que prestan atención ao público, como pode ser o caso de bares, restaurantes e comercio ao por menor —habendo certas excepcións para o caso de alimentos de primeira necesidade— teñan que facer un cese temporal de toda a sua actividade presencial provocando indudablemente cuantiosas perdas económicas.

O pasado 18 de marzo de 2020, o goberno, en aras de paliar os efectos económicos desta pandemia, publicou o Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social del COVID-19, o cal incorpora algunhas disposicións que afectan á actividade empresarial.
Si ben é difícil, á data de formulación destas contas anuais, facer unhas previsións sobre a expansión desta pandemia e os seus efectos sobre a economía, entendemos que a empresa, atendendo á súa situación particular e ás medidas que está a levar a cabo, retomará a sua actividade empresarial habitual tan pronto finalice o estado de alarma, de xeito que a situación non repercutirá significativamente nas súas contas anuais de 2019, pero sí nas súas previsións para o exercicio 2020, como vai suceder coa maioría das empresas españolas.

A administración de XESTUR en atención as decisión adoptadas pola Xunta de Galicia e tendo presente os Acordos do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e en aras de que o COVID tivese o menor custe empresarial, tomou as seguintes medidas:

-Non presentar ao cobramento mediante domiciliación nin esixir o pagamento inmediato dos recibos do alugamento das vivendas e dos locais comerciais de Xestur, S.A. así como os correspondentes ao canon dos dereitos de superficie constituídos sobre parcelas de Xestur, correspondentes ao mes de abril e de maio de 2020, previa consulta cos arrendatarios ou superficiarios, propoñendo o seu cobro en 12 cuotas mensuais, a pasar ao cobro unha vez finalice o estado de alarma.

-Concesión dunha carencia de 12 meses no pagamento do canon das parcelas propiedade de Xestur, S.A., xa adxudicadas en dereito de superficie, a aqueles superficiarios que teñan

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Angel Rodríguez González

dificultade para atender os pagamentos mensuais. O pago do ano de carencia producirase nos 8 anos seguintes.

-Incluir as condicións que se detallan a continuación nas novas adxudicacións de parcelas en dereito de superficie que se realicen ata os dos 12 meses seguintes á finalización do período de alarma:

- Outorgaranse tres anos de carencia para iniciar o pagamento do canon. O importe do canon correspondente ao período de carencia, será aboado polo superficiario nos oito anos seguintes ao remate deste.

- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela mantendo o desconto do 40% das cantidades abonadas en concepto de canon nos 12 primeiros anos.

- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela dentro dos oito primeiros anos aplicándolle ao prezo a metade da bonificación que, no seu caso, se lle aplique a parcela no momento de adxudicación da mesma en dereito de superficie.

- Ampliación do prazo para pagar o importe da compra das parcelas de solo empresarial, nas parcelas que se adxudiquen en réxime de compravenda ata os 12 meses seguintes a finalización do período de alarma, permitirase o pagamento da parcela no prazo de 6 meses dende a notificación da adxudicación.

-Concesión de prórrogas ou ampliación de prazos para o cumprimento de obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial en réxime de compravenda ou dereito de superficie que o soliciten, de maneira especial no referido aos prazos de edificación e implantación de actividade nas parcelas, sempre que quede debidamente acreditada a incidencia que, na actividade empresaral do solicitante, provoca a situación económica extraordinaria xerada polo COVID 19.

Ademáis, e seguindo os protocolos marcados pola Xunta de Galicia:

- *implantouse o teletraballo para tódolos traballadores de Xestur dende o 16 de marzo de 2020.*
- *suspendeuse a actividade comercial e de escritura de venda de parcelas.*
- *suspendéronse os termos e interrumpíronse os prazos para a tramitación dos procedementos de XESTUR.*
- *paralización inicial de tódalas obras e a súa reanudación posterior, e a ralentización das mesmas, levará a un retraso na execución de obras e prazos de XESTUR.*

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

As medidas adoptadas non suporán un descenso significativo na cifra de negocios e adóptanse para seguir facilitando a implantación de actividade empresarial na comunidade Autónoma de Galicia.
Dada a complexidade da situación e a súa rápida evolución, non é posible neste momento realizar una estimación cuantificada fiable do seu potencial impacto na Sociedade, que, no seu caso, será rexistrado nas contas anuais do exercizo 2020.

23. Operacións con partes vinculadas

- A Sociedade mantén operacións co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) que posúe o 51,53% do capital social da Sociedade.
- Ademáis das ampliacións de capital que asume o IGVS en Xestur para facer fronte ao préstamo sindicado e que en 2014 ascendeu a 32.184.893,31 euros, en 2015 a 31.327.630,97 euros, en 2016 a 30.465.786,69 euros, en 2017 ascende a 17.157.445,23 euros e en 2018 ascende a 16.499.965,89 euros, a sociedade mantén diversas operacións totalmente cobradas a peche do exercicio:
  - Encomenda de Renda Básica de Emancipación, cobrado 86.776,80 euros.
  - Encomenda do Observatorio de Solo de Galicia, cobrado 75.923,44 euros.
- Os membros do órgano de administración da Sociedade non percibiron ningunha retribución no exercicio.
- En cumprimento do establecido naLei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores e o Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e no artigo 229 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, co fin de reforzar a transparencia das Sociedades Anónimas, os membros do Consello de Administración comunicaron ao mesmo as súas participacións en capital, cargos e función noutras sociedades co mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que a desenvolvida pola Sociedade, polo que non manteñen situacións de conflito de intereses con Xestur Galica, S.A., tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

24. Outra información

- A distribución por sexos ao termo do exercicio do persoal da sociedade, desagregado nun número suficiente de categorías e niveis é o seguinte:

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

Distribución do persoal da sociedade ao peche do exercicio, por categorías e sexo	2019			2018		
	MULLERES	HOMES	Total	MULLERES	HOMES	Total
Conselleiros (1)	2	4	6	1	5	6
Altos directivos (non conselleiros)						
Resto de personal de dirección das empresas	1	2	3	1	1	2
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de apoio	16	11	27	16	11	27
Empleados de tipo administrativo	10	1	11	11	1	12
Comerciales, vendedores y similares						
Resto de personal cualificado						
Traballadores non cualificados						
Total personal ao peche do exercicio	29	18	47	29	18	47

- O número medio de persoas empregadas no curso do exercicio, expresado por categorías é o seguinte:

	Total	
	2019	2018
Conselleiros (1)	6	6
Altos directivos (non conselleiros)	3	2
Resto de personal de dirección das empresas		
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de apoio	27	27
Empleados de tipo administrativo	11	12
Resto de personal cualificado		
Traballadores non cualificados		
Total personal medio do exercicio	47	47

(1) Se deben incluir todos los miembros del Consejo de Administración

- Os honorarios correspondentes pola auditoría do exercicio 2019 aos auditores de contas, Auditgal, S.A., ascenden a 5.800,00 euros.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

25. Información segmentada.

- A distribución da cifra de negocios da Sociedade por categoría de actividades detállase no seguinte cadro:

Descrición da actividade		Cifra de negocios Exercicio 2019	Cifra de negocios Exercicio 2018
De Xestur:			
Venda de parcelas		17.050.155,71	15.739.347,90
Encomenda AXI		49.010,81	106.093,80
Encomenda Movilidade			59.394,73
Encomenda IGAPE		1.979,26	2.834,62
Venta de vivendas, garaxes e trasteiros		3.000,00	75.230,65
Prestacións de servicios aluguer garaxes		17.853,41	11.294,66
	TOTAL	**17.121.999,19**	**15.994.196,36**
Do Intituto Galego da Vivenda e Solo:			
Encomenda ARIS			111.931,57
Encomenda Observatorio Solo		75.923,14	37.710,05
Encomenda RBE		86.776,80	86.776,84
Venda ao IGVS N1-N2 Garabolos			1.440.000,00
Venda ao IGVS de Argüelles			51.825,36
	TOTAL	**162.699,94**	**1.728.243,82**
TOTAL CIFRA DE NEGOCIOS DE XESTUR		**17.284.699,13**	**17.722.440,18**

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

26. Información sobre o período medio de pago a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo.

	Exercicio 2019	Exercicio 2018
	Importe	Importe
Periodo medio de pago a provedores	4,36	2,9
Ratio de operacións pagadas	6,37	3,47
Ratio de operacións pendentes de pago	1,43	8,8
	Importe (euros)	Importe (euros)
Total pagos realizados	8.528.405,73	7.187.447,58
Total pagos pendentes	523.132,07	82.232,09

Don Heriberto García Porto, con D.N.I 33.253.761Q, en calidade de Presidente	Dona María Ángeles Domínguez Franjo, con D.N.I. 34.966.961S, en calidade de Vogal
Don Ricardo Valencia Hentschel, con D.N.I 34.929.270K, en calidade de Vogal	Don David Cabaño Fernández, con D.N.I 32.796.962C, en calidade de Vogal
Don Juan Manuel Cividanes Roger, con D.N.I. 36.082.463V, en calidade de Vogal	Dona Encarnación Rivas Díaz, con D.N.I. 34.253.650A, en calidade de Vogal
	Don Ángel Rodríguez González, con D.N.I 36.041.583P en calidade de Secretario do Consello de Administración, non membro.

En Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2020

INFORME DE XESTIÓN 2019 XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

INFORME DE XESTIÓN ANO 2019
XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

1.- EXPOSICIÓN E EVOLUCIÓN DE NEGOCIOS

A Sociedade fusionada das catro Xestures provinciais o 23 de decembro de 2013, comeza o 1 de xaneiro de 2014 a súa actividade como nova sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. nun proceso de restruturación financeira e de custos que permita centralizar as actuacións de solo empresarial e residencial nunha única Xestur, e permita o aforro de custos de funcionamento.

A restruturación financeira levada a cabo en 2013, mediante a firma dun préstamo sindicado ata o ano 2021 de 180,8 millóns entre as catro Xestures e todas as entidades financeiras coas que as Xestures tiñan asinadas pólizas de crédito a curto prazo, continuou en 2015, xa que,o préstamo inicial, que estaba garantido mediante retencións de crédito nos orzamentos do IGVS ata a total devolución en maio 2021, pasa a ser asumido, ao 30 de novembro de 2015, únicamente por ABANCA por 135,6 millóns de euros, rebaixando dun modo moi importante os intereses para pagar e alongando ata 2027 as anualidades de amortización, co que se xera un aforro na vida total do préstamo de 15 millóns de euros.

No exercicio 2019, a Consellería de Facenda asume una ampliación de capital pola totalidade do préstamo pendente, 101.699.474,09€, quedando totalmente amortizado o 1 de agosto.

A actividade da empresa durante o exercicio 2019 e a súa comparativa co exercicio 2018 foi a seguinte:

INVERSIÓNS	2019
Arteixo	10.926.519,64
Ofimático	4.440,40
Castro Riberas de Lea	2.080,00
Baamonde	550,00
Gándaras	349.238,68
Xinzo	652.978,11
Lalín	6.500,00
Pontenova	80.085,00
Muimenta	1.659,20
Meira	3.705,00
TOTAL 2019	**12.027.756,03**

	2018
Recompra parcelas Sionlla	92.000,00
Arteixo	12.335.170,25
Ofimático	511.858,79
Castro Riberas de Lea	1.100,00
Baamonde	72.251,35
Gándaras	4.962.358,57
Xinzo	16.187,50
Traballos Técnicos A Pasaxe	1.436,88
Traballos Técnicos Navia	18.485,00
TOTAL 2018	**18.010.848,34**

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

CIFRA DE NEGOCIOS

VENTAS DE PARCELAS		VENTAS DE PARCELAS	
Melide	66.654,00	Melide	394.128,01
Ortigueira	41.340,00	Ortigueira	70.350,00
Carballo	1.204.234,90	Carballo	2.573.881,60
A Sionlla	4.570.779,00	A Sionlla	3.729.825,70
Arzúa		Arzúa	71.274,00
Negreira	162.590,00	Negreira	
Ordes		Ordes	112.914,00
Sigüeiro		Sigüeiro	160.671,00
As Pontes	480.249,00		
Gándaras	1.448.322,50	Gándaras	2.443.402,50
Barreiros		Barreiros	133.190,00
Viveiro	144.433,11	Viveiro	146.979,01
Vilamarín		Vilamarín	49.655,04
Xinzo de Limia	50.250,00	Xinzo de Limia	149.086,23
Central de Tptes. Ourense	236.600,00	Central de Tptes. Ourense	1.099.647,90
Pereiro de Aguiar	40.880,00	Pereiro de Aguiar	248.690,00
Lalín	142.240,00		
A Reigosa	997.500,00	A Reigosa	432.365,71
Mos	7.464.083,20	Mos	3.923.287,20
Total 2019	**17.050.155,71**	**Total 2018**	**15.739.347,90**

VENTA DE VIVENDAS, GARAXES, TRASTEIROS E SOLO RESIDENCIAL

		VPA Mesón da Auga	69.350,65
		Venta de Argüelles	51.825,36
		N1-N2 Garabolos	1.440.000,00
Venta de trasteros Rosales	3.000,00	Venta de garaxes Rosales	5.880,00
Total 2019	**3.000,00**	**Total 2018**	**1.567.056,01**
TOTAL VENTAS 2019	**17.053.155,71**	**TOTAL VENTAS 2018**	**17.306.403,91**

PRESTACIÓN DE SERVICIOS	2019	PRESTACIÓN DE SERVICIOS	2018
Encomenda Aris		Encomenda Aris	111.931,57
Encomenda Renda Básica	86.776,80	Encomenda Renda Básica	86.776,84
Alugueres prazas garaxe	17.853,41	Alugueres prazas garaxe	11.294,66
Encomenda AXI	49.010,81	Encomenda AXI	106.093,80
Encomenda Movilidade		Encomenda Movilidade	59.394,73
Encomenda Observatorio de Solo	75.923,14	Encomenda Observatorio de Solo	37.710,05
Encomenda IGAPE	1.979,26	Encomenda IGAPE	2.834,62
Total 2019	**231.543,42**	**Total 2018**	**416.036,27**
TOTAL CIFRA DE NEGOCIOS	**17.284.699,13**	**TOTAL CIFRA DE NEGOCIOS**	**17.722.440,18**

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

- A cifra de negocios redúcese en 437.741,05 euros respeto ao 2018, debido á baixa en vendas de solo residencial en 1.56 millóns de euros e a prestación de servizos á metade, mentres que se incrementa a venda de parcelas en 1.31 millóns de euros.
- Destacan as vendas en Pontevedra, que se elevan en 4.25 millóns de euros, en Mos e Reigosa se multiplican por dous. En a Sionlla, 4,5 millóns, se elevan case un millón de euros. Mentras en Carballo baixan 1.34 millóns e en Gándaras 1 millón, debido en parte a que vaise agotando o solo nestes parques.
- A variación de existencias negativa de 7.944.957,02 euros, débese á baixa por vendas de 21,15 millóns, investimentos de 12 millóns e aplicación de provisións por 1,18 millóns.
- Outros ingresos de explotación de 377.296,76 euros de alugueres de vivendas e parcelas que a Sociedade ten como investimentos inmobiliarios.
- Os gastos de persoal ascenden a 2.321.402,53 euros, 1.809.773,88 euros de salarios e 511.628,65 euros de seguridade social.
- Outros gastos de explotación, 2.188.345,96 euros, que inclúen gastos de servizos exteriores por 618.320,94 euros, outros tributos por 789.624,67 euros, e perdas, deterioros e variación de provisións por 495.808,35 euros.
- Outros resultados por -276.770,49 euros.
- O resultado de explotación é negativo por 6.912.607,67 euros.
- Os gastos financeiros de 370.626,71 euros derivados dos intereses do préstamo con ABANCA e 19.872,86 euros de ingresos financeiros, provocan una perda financeira de 350.753,75 euros.
- O resultado global do 2019 é de 7.304.851,95 euros de perda.

EVOLUCIÓN

A conxuntura da crise da economía de 2008 provocou un descenso considerable das vendas ao longo dos últimos anos antes da fusión e durante o primeiro ano da fusión 2014, aínda que as decisións tomadas pola Sociedade a finais de 2014 en relación á bonificación de prezos de solo e a convocatoria dun concurso de vendas en xaneiro 2015, xerou xa un importante incremento na demanda do mesmo, producíndose adxudicacións de solo de 176 parcelas, por 403.164,02 metros e valor de venda de 17.622.095,93 euros. Ditas adxudicacións superaron amplamente os metros vendidos nos últimos anos entre as catro sociedades que integran a Sociedade fusionada.

En 2016 vólvese a convocar un concurso de vendas de parcelas bonificadas nos mesmos termos que no ano 2015. Adxudicáronse 82 parcelas en 2016 por 175.419 metros e valor de venda de 11.093.197,84 euros.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

No ano 2017 o concurso de vendas bonificada adxudica 79 parcelas, 214.768 metros e valor de venda bonificado de 11.325.791,53 euros.

No ano 2018 adxudícanse 68 parcelas, 239.993,99 metros e valor de venda 15.351.828,56 euros.

E no ano 2019 adxudícanse 52 parcelas, 159.324,13 metros e valor de venda 11.970.194,20 euros.

En total lévanse adxudicados nos 5 anos, tras renuncias de adxudicacións, 449 parcelas a 329 empresas por 1.165.549 metros e 66.163.253,86 euros, o que contribúe en gran medida á reactivación da economía de Galicia, á xeración de emprego e xeración de ingresos públicos de tódalas administracións (estatal, autonómica e local), cumprindo así o solo público a súa función para o interese xeral da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, as ampliacións de capital social que realizou o IGVS en Xestur estes anos (no exercicio 2014 realizada por 32 millóns, en 2015 por importe de 31 millóns, en 2016 por importe de 30.465.786,69 euros, en 2017 por 17.157.445,23 euros, en 2018 por 16.499.265,89 euros) e a Consellería de Facenda en 2019, por 101.699.474,09 euros incrementan o patrimonio da Sociedade a 220 millóns de euros e responderon fronte ao pago do préstamo asinado por 180,8 millóns de euros, quedando totalmente amortizado a peche de 2019.

A CRISE ECONÓMICA DERIVADA DO COVID-19

A administración de XESTUR en atención as decisión adoptadas pola Xunta de Galicia e tendo presente os Acordos do Centro de Coordinación Operativa (Cecop) da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e en aras de que o COVID tivese o menor custe empresarial, tomou as seguintes medidas:

-Non presentar ao cobramento mediante domiciliación nin esixir o pagamento inmediato dos recibos do alugamento das vivendas e dos locais comerciais de Xestur, S.A. así como os correspondentes ao canon dos dereitos de superficie constituídos sobre parcelas de Xestur, correspondentes ao mes de abril e de maio de 2020, previa consulta cos arrendatarios ou superficiarios, propoñendo o seu cobro en 12 cuotas mensuais, a pasar ao cobro unha vez finalice o estado de alarma.

-Concesión dunha carencia de 12 meses no pagamento do canon das parcelas propiedade de Xestur, S.A., xa adxudicadas en dereito de superficie, a aqueles superficiarios que teñan dificultade para atender os pagamentos mensuais. O pago do ano de carencia producirase nos 8 anos seguintes.

-Incluir as condicións que se detallan a continuación nas novas adxudicacións de parcelas en dereito de superficie que se realicen ata os dos 12 meses seguintes á finalización do período de alarma:

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

- Outorgaranse tres anos de carencia para iniciar o pagamento do canon. O importe do canon correspondente ao período de carencia, será aboado polo superficiario nos oito anos seguintes ao remate deste.

- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela mantendo o desconto do 40% das cantidades abonadas en concepto de canon nos 12 primeiros anos.

- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela dentro dos oito primeiros anos aplicándolle ao prezo a metade da bonificación que, no seu caso, se lle aplique a parcela no momento de adxudicación da mesma en dereito de superficie.

- Ampliación do prazo para pagar o importe da compra das parcelas de solo empresarial, nas parcelas que se adxudiquen en réxime de compravenda ata os 12 meses seguintes a finalización do período de alarma, permitirase o pagamento da parcela no prazo de 6 meses dende a notificación da adxudicación.

-Concesión de prórrogas ou ampliación de prazos para o cumprimento de obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial en réxime de compravenda ou dereito de superficie que o soliciten, de maneira especial no referido aos prazos de edificación e implantación de actividade nas parcelas, sempre que quede debidamente acreditada a incidencia que, na actividade empresaral do solicitante, provoca a situación económica extraordinaria xerada polo COVID 19.

Ademáis, e seguindo os protocolos marcados pola Xunta de Galicia:

- *implantouse o teletraballo para tódolos traballadores de Xestur dende o 16 de marzo de 2020.*
- *suspendeuse a actividade comercial e de escritura de venda de parcelas.*
- *suspendéronse os termos e interrumpíronse os prazos para a tramitación dos procedementos de XESTUR.*
- *paralización inicial de tódalas obras e a súa reanudación posterior, e a ralentización das mesmas, levará a un retraso na execución de obras e prazos de XESTUR.*

As medidas adoptadas non suporán un descenso significativo na cifra de negocios e adóptanse para seguir facilitando a implantación de actividade empresarial na comunidade Autónoma de Galicia.
Dada a complexidade da situación e a súa rápida evolución, non é posible neste momento realizar una estimación cuantificada fiable do seu potencial impacto na Sociedade, que, no seu caso, será rexistrado nas contas anuais do exercizo 2020.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Ángel Rodríguez González

2.-ACONTECEMENTOS IMPORTANTES OCORRIDOS

O Consello da Xunta do 27 de novembro de 2014 aproba a Axenda de Competitividade Industrial Galega 2015-2020 (Galicia-Industria 4.0), entre cuias medidas inclúe a bonificación do solo industrial.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas solicita a Xestur, como ente instrumental da Xunta, que adopte os acordos necesarios para aprobar a bonificación do solo, e o 16 de decembro de 2014, a Xunta Xeral de Xestur aproba a convocatoria dun concurso público de venda de solo con bonificacións do 50% nos parques situados nas zonas Impulsa de Lugo e Ourense e Costa da Morte e 30% no resto de parques. Póñense á venda 2 millóns de metros cadrados con bonificacións, aínda que se limita a medida a 500.000 metros de venda ou 7,5 millóns de perdas, e cun ámbito temporal ata o 30 de novembro.

O 5 de febreiro de 2019, volve convocar un concurso por período dun mes, e adxudicacións directas ata o 30 de novembro. O resultado das adxudicacións de solo empresarial durante o ano 2019 foi moi positivo. Indicar que tódalas vendas prodúcense ao contado, coa obrigación para os adxudicatarios de instalar a súa empresa no prazo máximo de 3 anos, e a consecuente reactivación da actividade económica e emprego. A adxudicación por parques é a seguinte:

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración

Ángel Rodríguez González

RESUMEN POR PARQUES ADXUDICACIÓNS 2019

RESUMEN POR PARQUES	Nº PARCELAS	EMPRESAS	SUPERFICIE	PRECIO VENTA
A SIONLLA	8	6	36.051,00	3.834.238,10
ARZÚA	1	1	3.072,00	129.024,00
CARBALLO	9	8	19.285,00	735.727,98
ORTIGUEIRA	1	1	1.378,00	41.340,00
NEGREIRA	4	4	6.570,00	324.733,10
A CORUÑA	**23**	**20**	**66.356,00**	**5.065.063,18**
GUITIRIZ	1	1	4.834,00	108.765,00
GÁNDARAS	2	2	15.255,00	724.612,50
VIVEIRO	3	3	3.573,13	136.595,63
LUGO	**6**	**6**	**23.662,13**	**969.973,13**
CENTRAL TRANSPORTE	1	1	5.338,00	185.000,00
PEREIRO	3	3	5.612,00	227.261,50
OURENSE	**4**	**4**	**10.950,00**	**412.261,50**
LALÍN	1	1	2.032,00	142.240,00
REIGOSA	1	1	15.000,00	997.500,00
MOS	17	11	41.324,00	4.383.156,40
PONTEVEDRA	**19**	**13**	**58.356,00**	**5.522.896,40**
TOTAL	**52**	**43**	**159.324,13**	**11.970.194,21**

3.- ACTIVIDADES EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO.

A empresa non desenvolve actividades de I+D.

4.- ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS.

A sociedade non adquiriu accións propias durante o exercicio.

5.- DESCRICIÓN DE RISCOS E INCERTEZAS.

Os posibles riscos e incertezas aos que se enfronta a sociedade son os propios que afectan ao sector e a súa actividade e que derivan do momento que vive o sector inmobiliario. Así, a sociedade cun volume de existencias de 242 millóns de euros en obra en curso e terminada vai evolucionar en positivo na medida en que o mercado inmobiliario mellore. Aínda que se percibe a melloría da demanda, e a cifra de negocios evoluciona positivamente, acumulando nestes seis anos dende a fusión unha facturación de 98,7 millóns de euros. Remitímonos á información sobre incertezas descritas no punto 2.3 da Memoria das contas anuais adxuntas.

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.
O Secretario do Consello de Administración
Angel Rodriguez González

XESTUR

6.- INSTRUMENTOS FINANCEIROS.

Non é necesario indicar ningunha cuestión derivada deste tipo de instrumentos, á marxe do que se atopa apuntado nas Conta Anuais.

Don Heriberto García Porto, con D.N.I 33.253.761Q, en calidade de Presidente	Dona María Ángeles Domínguez Franjo, con D.N.I. 34.966.961S, en calidade de Vogal
Don Ricardo Valencia Hentschel, con D.N.I 34.929.270K, en calidade de Vogal	Don David Cabañó Fernández, con D.N.I 32.796.962C, en calidade de Vogal
Don Juan Manuel Cividanes Roger, con D.N.I. 36.082.463V, en calidade de Vogal	Dona Encarnación Rivas Díaz, con D.N.I. 34.253.650A, en calidade de Vogal
	Don Ángel Rodríguez González, con D.N.I 36.041.583P en calidade de Secretario do Consello de Administración, non membro.

En Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2020